


Protocolo de confidencialidade para Traballos Fin de Grao/Mestrado realizados en empresas ou Centros de Investigación externos

Escola de Enxeñaría Aeronáutica e do Espazo

Aprobado en Xunta de Escola na sesión do 16 de novembro de 2021



Escola de Enxeñaría Aeronáutica e do Espazo Pavillón
Manuel Martínez-Risco
Campus universitario 32004
Ourense

<http://aero.uvigo.es>
<mailto:aero.info@uvigo.es>



Referencia: 1
Documento: pto-tfg-tfm
Data: 16/11/2021
Páxinas: 8

Índice de contidos

ANTECEDENTES.....	3
1. Solicitude de confidencialidade	3
2. Depósito do traballo	4
3. Tribunal Avaliador	4
4. Defensa e Avaliación	4
5. Arquivo do traballo.....	5
Anexo I — Solicitude de confidencialidade TFG / TFM.....	6
Anexo II — Compromiso de confidencialidade do Tribunal do TFG / TFM.....	7
Anexo III — Autorización de desclasificación de confidencialidade TFG / TFM	8

ANTECEDENTES

O Regulamento do Traballo Fin de Grao e do Traballo Fin de Mestrado, aprobados pola Xunta de Escola da Escola de Enxeñaría Aeronáutica e do Espazo o 24 de maio de 2021, establece no seu artigo 1.6 que: “O traballo de fin de grao poderá elaborarse en institucións ou empresas externas á Universidade de Vigo, nos termos que se establezan nos convenios institucionais asinados”.

Este regulamento no seu artigo 11.3 establece que “Cando o TFG/TFM se realice no marco de colaboración cunha empresa ou institución e o desenvolvemento ou os resultados do TFG/TFM estean afectados por un pacto de confidencialidade, ou para salvagardar os dereitos de propiedade intelectual ou industrial de ser o caso, o/a estudante presentará a documentación do seguinte xeito:

- a. Presentará unha versión reducida na que se eliminarán os contidos afectados polo deber de confidencialidade e que será a que se conserve no Centro.
- b. Presentará unha versión completa do TFG, que será entregada aos membros do Tribunal, os cales previamente deberán asinar o correspondente pacto de confidencialidade sobre aqueles aspectos do TFG dos que non se poida facer difusión pública.”.

É no ámbito destes traballos que se desenvolven nas instalacións dunha empresa ou dun centro de investigación externo onde xorde a problemática da confidencialidade. Estes traballos poden conter información que, pola relevancia que ten para a actividade destas entidades colaboradoras externas, debe ser tratada coa debida confidencialidade.

O modelo de convenio de colaboración educativa, aprobado polo Consello de Goberno da Universidade de Vigo o 20 de xullo de 2018, na súa cláusula QUINTA, punto 7, apartado e), establece que “O titor académico do Traballo Fin de Grao ou de Mestrado deberá gardar confidencialidade en relación con calquera información que coñeza como consecuencia da súa actividade como titor”. Así mesmo, en dita cláusula no punto 8, apartado g), establécese “O deber do estudante de gardar confidencialidade en relación coa información interna da entidade colaboradora e gardar segredo profesional sobre as súas actividades, durante a súa estancia e finalizada esta. No seu caso o estudante comprométese a coñecer e aceptar as directrices de seguridade establecidas na entidade colaboradora na súa política de seguridade, ademais da normativa xeral en materia de protección de datos. Isto sen prexuízo de que a empresa ou centro de investigación externo esixa ao estudante e titor académico a sinatura de acordos de confidencialidade”.

Sen embargo, é preciso definir medidas que garantan a confidencialidade destes traballos nos actos de depósito e defensa. Este é o obxecto deste documento, establecer un protocolo de confidencialidade para Traballos Fin de Grao (TFG) e de Mestrado (TFM) que se activará cando o/a estudante autor/a do traballo, así o solicite.

1. Solicitude de confidencialidade

1.1. Antes de realizar a solicitude de defensa, o/a estudante poderá solicitar ao Centro que o seu TFG ou TFM, segundo o caso, teña o tratamento de confidencial e polo tanto se lle aplique o protocolo descrito neste documento.

1.2. A solicitude do/a estudante deberá identificar as partes do traballo que están suxeitas a cláusulas de confidencialidade e deberá xustificar as razóns que motivan a necesidade de restrinxir o acceso ao traballo, tales como, entre outras, a existencia de acordos de confidencialidade con empresas ou a

posibilidade de xeración de patentes que recaian sobre o contido do traballo.

1.3. A solicitude será formalizada ante o Negociado de Asuntos Xerais, no mesmo momento no que se tramite a solicitude de título e tema, e de acordo co formulario que se inclúe no Anexo I.

1.4. A solicitude de confidencialidade será valorada e resolta pola Comisión Académica e de Recoñecemento de Créditos do Centro, xunto coa solicitude de título e tema. A resolución pode ser Favorable ou Desfavorable. No caso de que esta sexa desfavorable, a comisión deberá expor os motivos de dita resolución. A resolución será comunicada ao/á estudante e ao/á(s) titor(es/as) do traballo.

1.5. A solicitude de confidencialidade será arquivada polos servizos administrativos do Centro, entregándose unha copia ao/á estudante e ao/á(s) titor(es/as) do traballo se así o solicitan.

2. Depósito do traballo

2.1. Para o depósito destes traballos con tratamento de confidencialidade, ademais do establecido no Regulamento de TFG e de TFM do Centro, o/a estudante indicará, mediante a aplicación informática durante a solicitude de defensa, o carácter confidencial do traballo.

2.2. A copia completa do traballo non será pública, o acceso á mesma estará restrinxido aos membros do tribunal avaliador do traballo e se depositará e conservará igual que o resto dos traballos presentados na EEAE, agás o relativo a súa consulta.

3. Tribunal Avaliador

3.1. Os membros dos tribunais serán informados con carácter previo ao acto de defensa dos traballos con tratamento confidencial.

3.2. Os membros dos tribunais que avaliarán estes traballos con tratamento de confidencialidade terán acceso á versión completa do traballo e comprometeranse a gardar confidencialidade absoluta sobre o seu contido e sobre as discusións suscitadas durante a súa defensa. Tamén se comprometerán a non utilizar o traballo para ningunha outra finalidade que non sexa a súa avaliación académica; a devolver, no seu caso, o exemplar do traballo que se lle fose cedido, unha vez realizada a súa valoración; e a destruír todo o material impreso e/ou informático relativo ao traballo, unha vez finalizado o procedemento.

3.3. Os membros dos tribunais comprométense, ao aceptar ser membros do tribunal avaliador, a manter a condición de confidencialidade do traballo, podéndose formalizar mediante os impresos recollidos neste documento (Anexo II) tal feito. Devanditos documentos se asinarán previamente antes de empezar a sesión de defensa dos traballos ou no momento de recibir a documentación.

3.4. O compromiso de confidencialidade asinado polos membros do tribunal será custodiado polos servizos administrativos do Centro, entregándose unha copia ao/á estudante e ao/á(s) titor(es/as) do traballo se así o solicitan.

4. Defensa e Avaliación

4.1. O Regulamento de Traballo Fin de Grao e de Traballo Fin de Mestrado establecen que o acto de defensa é público. Sen embargo, sen prexuízo do carácter público deste acto, en orde a preservar os contidos confidenciais do TFG ou TFM, os intervalos do acto de defensa nos que se expoñan partes do traballo acollidas ao acordo de confidencialidade estarán restrinxidos ao/á estudante, ao/á(s) titor(es/as), aos membros do tribunal e a aquelas persoas autorizadas polo/a estudante e/ou titor(es/as). Será responsabilidade do/a estudante comunicar dita circunstancia ao presidente do tribunal para que tome as medidas oportunas.

4.2. O/A estudante non poderá alegar confidencialidade para evitar expor partes do seu traballo ou responder ás preguntas do tribunal no caso de que se tomen todas as indicacións recollidas no presente protocolo para salvagardar a confidencialidade do documento entregado e da súa defensa.

4.3. Os traballos que estean afectados por acordos de confidencialidade serán avaliados de acordo cos mesmos criterios que o resto dos traballos.

5. Arquivo do traballo

5.1. As memorias do TFG ou TFM son públicas. Sen embargo, o proceso de depósito que ten establecido o Centro contempla a posibilidade de que o/a estudante autor/a do traballo non autorice a súa divulgación.

5.2. O/A estudante autor/a do traballo debe non autorizar a súa publicación durante o trámite de solicitude de defensa.

5.3. O/A estudante que non autorizara a publicación do seu traballo e desexe, transcorrido un tempo, que este sexa público, pode autorizar a súa publicación mediante o formulario incluído no Anexo III.

Anexo I – Solicitud de confidencialidade TFG / TFM

D./Dña, con D.N.I.....,
estudiante da titulación

EXPÓN:

Que realizou o seu TFG/TFM na empresa
baixo a tutela do/a titor/a de empresa D./Dña
e do/a titor/a académico/a

SOLICITA:

Que o depósito e a defensa do TFG/TFM titulado
.....,
se realice de conformidade co protocolo de confidencialidade establecido pola Escola de
Enxeñaría Aeronáutica e do Espazo, polos motivos que a continuación se detallan:

.....
.....
.....
.....

Ourense, a de de

O/A estudante	O/A titor/a académico/a	O/A titor/a na empresa
Asdo:	Asdo:	Asdo:

Resolución da Comisión Académica e de Recoñecemento de Créditos: Favorable <input type="checkbox"/> Desfavorable <input type="checkbox"/> Ourense, a de de Asdo: (Secretario/a do centro)
--

Anexo II – Compromiso de confidencialidade do Tribunal do TFG / TFM

Os membros do tribunal avaliador do TFG/TFM titulado
.....
elaborado polo/a estudante
da titulación
baixo a dirección do/a profesor/a

COMPROMÉTENSE:

1. A gardar confidencialidade absoluta sobre o contido do traballo e das discusións suscitadas durante a súa defensa.
2. A non utilizar o traballo para ningunha outra finalidade que non sexa a súa avaliación académica.
3. A devolver, no seu caso, o exemplar do traballo que lle fose cedido, unha vez realizada a súa valoración.
4. A destruír todo o material impreso e arquivos informáticos finalizado o proceso.

E como proba de conformidade, asinan este documento:

Ourense, a de de

Presidente/a

Asdo:

Secretario/a

Vogal

Asdo:

Asdo:

Anexo III – Autorización de desclasificación de confidencialidade TFG / TFM

D./Dña, con D.N.I.....
estudiante da titulación

EXPÓN:

Que cando realizou o seu TFG/TFM titulado
.....
non autorizou ao centro á súa publicación polo carácter confidencial do seu contido.

AUTORIZA:

A publicación do seu traballo ao non existir actualmente os impedimentos que motivaron a dita decisión no momento do seu depósito.

Ourense, a de de

O/A estudante

Asdo: